

CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

Exp 360/2024

RESOLUCION

Visto que con data 8 de marzo de 2024 aprobáronse as bases que rexen a convocatoria para participar na campaña de compostaxe doméstica.

Visto o decreto nº2024-0243 de data 10/04/2024 na que se conceden 23 composteiros

Visto que quedan dispoñibles 27 composteiros dos 50 que se adquiriron.

Co obxectivo de implantar un sistema de **compostaxe domiciliaria para o tratamento in situ dos biorresiduos**, que permitirá a reciclaxe de biorresiduos en orixe e derivará nunha redución das cantidades de lixo a depositar nos contedores convencionais, cos conseguintes beneficios ambientais, económicos e sociais, que isto supón. Para elo repartiranse 50 composteiros destinados a vivendas unifamiliares do termo municipal de Pazos de Borbén, a fin de dar cobertura a un total de 50 beneficiarios.

Visto o RC de data 02/02/2024 e nº de operación 13 nas partidas 1621 / 22699 OTROS GASTOS DIVERSOS do orzamento vixente.

En consecuencia, en aplicación das competencias municipais a que fan referencia os artigos 25.2 b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e das competencias que me corresponden en aplicación do artigo 21 do mesmo texto legal,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar una nova convocatoria para conceder os 27 composteiros que quedan coas seguintes bases:

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NA “CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA PARA PROMOVER A RECICLAXE DE RESIDUOS ORGÁNICOS NO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN”

1. Obxecto

O Concello de Pazos de Borbén vai realizar a **“AMPLIACIÓN DA CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA PARA PROMOVER A RECICLAXE DE RESIDUOS ORGÁNICOS NO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN”** subvencionada ao abeiro da ORDE do 1 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975P) pola liña 2) proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ).

A finalidade é implantar un sistema de **compostaxe domiciliaria para o tratamento in situ dos biorresiduos**, que permitirá a reciclaxe de biorresiduos en orixe e derivará nunha redución das cantidades de lixo a depositar nos contedores convencionais, cos conseguintes beneficios ambientais, económicos e sociais, que isto supón.

Para elo repartiranse 27 composteiros destinados a vivendas unifamiliares do termo municipal de Pazos de Borbén, a fin de dar cobertura a un total de 27 beneficiarios.

Só se concederá un composteiro por domicilio correspondente a cada unidade familiar. Entendendo por unidade familiar todas as persoas que vivan no mesmo domicilio.

2. Persoas destinatarias

Poderán ser beneficiarias as persoas que posúan unha vivenda no termo municipal do Concello de Pazos de Borbén e que dispoñan dunha parcela uso do compost obtido, xa sexa xardín ou horta, cunha superficie mínima de 25 metros cadrados.

Tamén poden ser beneficiarias as entidades as entidades xurídicas que dispoñan dunha parcela uso do compost obtido, xa sexa xardín ou horta, cunha superficie mínima de 25 metros cadrados, e se designe unha persoa responsable do seu mantemento.

As persoas participantes deberán estar especialmente concienciadas coa importancia do proxecto e cos obxectivos que se perseguen. Polo tanto deberán asinar un compromiso de asistencia ás accións formativas que se realicen, a facilitar as tarefas de seguimento e control necesarias e realizar a separación dos residuos orgánicos.

3. Obrigas das persoas destinatarias

As obrigas das persoas destinatarias son:

- Asistir ás accións formativas
- Facilitar as tarefas de seguimento
- Realizar a separación dos residuos.



CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

No caso de ter que abandonar o programa deberán devolver o composteiro en bo estado ás dependencias municipais.

4. Criterios de selección

A selección dos beneficiarios da campaña realizarase segundo a seguinte orde de baremación:

1. Que a persoa solicitante teña a súa primeira residencia no concello de Pazos de Borbén: 0,5 puntos. Acreditarase cun volante de convivencia.
2. Segundo os membros da unidade familiar que vivan na vivenda. Por cada membro empadroadado sumárase 0,2 puntos. Acreditarase cun volante de convivencia.
3. Se a unidade familiar non ten animais domésticos puntuarase con 0,2 puntos. Acreditarase cunha declaración responsable.
4. No caso de persoas xurídicas concederáse como mínimo un composteiro segundo a dispoñibilidade de existencias.

5. Inscripcións

As persoas interesadas en participar deberán presentar unha instancia xenérica solicitando un composteiro acompañada da seguinte documentación:

- Volante de convivencia (incorporarase de oficio)
- Compromiso de asistencia ás accións formativas que se realicen, a facilitar as tarefas de seguimento e control necesarias e realizar a separación dos residuos orgánicos.
- Declaración responsable de que non ten animais domésticos.
- Declaración da disposición dunha parcela para o uso do compós obtido, xa sexa xardín ou horta, cunha superficie mínima de 25 metros cadrados.
- No caso das persoas xurídicas deberán nombrar a unha persoa que será a encargada de asistir a actividade formativa e responsable do mantemento e seguimento na realización da compostaxe.

Soamente se poderán presentar presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Pazos de Borbén en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou vía sede electrónica a través de instancia xeral acompañando a documentación correspondente (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0>)

As persoas xurídicas deberán presentar as solicitudes mediante a sede electrónica.



CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

Os impresos estarán dispoñibles no departamento de Desenvolvemento local do concello aedl@pazosdeborben.org, na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

O prazo de inscrición será ata o 29 de abril de 2024 na sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén, (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0>).

Todas as solicitudes que estean incompletas e/ou se entreguen fóra deste prazo non serán admitidas.

6. Prezo da actividade

A actividade está subvencionada ao abeiro da ORDE do 1 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975P) e **é de balde**.

7. Procedemento de adxudicación de composteiros

A adxudicación dos composteiros será por orde puntuación ata completar os 27 composteiros. No caso de empate se lle adxudicaranse segundo a orde de rexistro de entrada.

O listado de beneficiarios publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do mesmo <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0>.

8. Publicidade da actividade

As bases que rexen esta convocatoria, xunto cos anexos estarán a disposición das persoas interesadas no Departamento de Desenvolvemento Local, na páxina web do concello e na sede electrónica do concello <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0>

Para máis información: Concello de Pazos de Borbén en horario de 9:00 a 14:00 horas, no teléfono 986497035 e no correo electrónico aedl@pazosdeborben.org.

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios dixital do concello a efectos de que comece o cómputo do prazo para a presentación de solicitudes polos interesados.





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de desenvolvemento local aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

RESOLUCIÓN ASINADA POLO ALCALDE MEDIANTE CERTIFICADO ELECTRÓNICO, NA DATA QUE FIGURA NA MESMA SINATURA, EXTENDIDA AO MARXE DO DOCUMENTO. DOU FE. A SECRETARIA-INTERVENTORA, MEDIANTE FIRMA DIXITAL AO MARXE.

